



Exp.:2018001335

Asunto: Resolución da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais do ano 2018.

De conformidade co art. 45.1b da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento Administrativo común das Administracións públicas; dase coñecemento do contido resolutorio da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais (*BOP núm. 93, de 24 de abril de 2018*) emitido por decreto núm. 2018006616 do 5 de outubro.

En virtude do disposto no artigo 8 das bases reguladoras de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais (*Bop nº 82 do 8 de abril de 2017*), e, en exercicio das competencias delegadas conferidas, RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a resolución da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais do ano 2018 con cargo á partida 150.2318.48900 do orzamento municipal vixente, de acordo co seguinte detalle:

Adxudicar ás seguintes entidades sen ánimo de lucro polos proxectos que se relacionan a contía que ascende a 315.832,16€ (trescentos quince mil oitocentos trinta e dous euros con dezaseis céntimos):

1. ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN E COLITE ULCEROSA DE OURENSE (ACCU), CIF G-32338725 unha subvención de 765,40 € para o *Proxecto: Sensibilización, concienciación e visibilización das enfermidades inflamatorias intestinais.*

2. ASOCIACIÓN DE DISCAPACIDADE DE OURENSE (ADO), CIF G-32410797, unha subvención de 6.136,00 € para o *Proxecto Taller Prelaboral Autoxestionado.*

3. ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (AECC) CIF G 28197564, unha subvención de 29.172,00 € para o *Proxecto: Servizo de Axuda e soporte psicosocial no fogar especializado en Oncoloxía.*

4. ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE OURENSE (AFAOR), CIF G32198970 unha subvención de 23.099,79 € para o *Proxecto: Apoio psicolóxico para familiares y cuidadores/as de enfermo/as de Alzheimer ou patoloxías afíns.*

5. ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA, SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA SENSIBILIDADE QUÍMICA MÚLTIPLE DE OURENSE (AFFOU), CIF G32303802 unha subvención de 8.562,19€ para o *Proxecto: Atención e Rehabilitador a persoas con Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica e Familiares e Sensibilización.*

6. ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES SENEGALESSES DE OURENSE (AISO), CIF G32240194 unha subvención de 1.672,37 € para o *Proxecto: Proxecto de Intervención Comunitaria Convivamos.*

7. AIXIÑA CIF G-32144669 unha subvención de 22.344,00 € para o *Proxecto: Servizo de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida do Concello de Ourense.*

8. ASOCIACIÓN PARA A LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES RENAIIS DE OURENSE (ALCER) CIF G-32011041 unha subvención de 9.031,72 € para o *Proxecto: Atención social, apoio e información a pacientes con Insuficiencia Renal Crónica (IRC) e aos seus familiares, prevención da IRC e sensibilización.*

9.ASOCIACIÓN OURENSANA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE, ELA, Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas (AODEM), CIF G-32209983 unha subvención de 18.620,00€ para o *Proxecto: Proxecto interdisciplinar de atención a persoas con enfermidades neurodexenerativas e as súas familias, ano 2018.*

10.ASOCIACIÓN PARA A PREVENCIÓN E A EDUCACIÓN SOCIAL (APES), CIF G-32383549 unha subvención de 4.262,53 € para o *Proxecto: EMPREGA BITÁCORA.*

11.ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE OURENSE (APSOU), CIF G-32015463 unha subvención de 11.481,00 € para o *Proxecto: Mellorando a calidade de vida das Persoas Xordas.*

12.ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA CIF G-32290546 unha subvención de 3.043,87 € para o *Proxecto de prevención e sensibilización sobre a diabetes “Conciencia Doce”.*

13.ASOCIACION AUTISMO OURENSE CIF G-32249484 unha subvención de 25.860,00 € para o *Proxecto: Programa de Promoción da autonomía persoal en persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).*

14.ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL DE PERSOAS CON DIFICULTADES DE PATOLOXÍA DUAL PSÍQUICA (CADABULLO) CIF G32359218 unha subvención de 9.567,50 € para o *Proxecto: Programa de atención Psicosocial en Patoloxía Dual.*

15.CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE CIF R-3200098-F unha subvención de 30.653,00 € para o *Proxecto: Programa de actividades dirixidas a persoas en situación de exclusión social severa e en risco de exclusión.*

16.CIMO ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS CIF G-32010449 unha subvención de 7.852,70 € para o *Proxecto: Emprégate*

17.CRUZ ROJA ESPAÑOLA CIF Q-2866001-G unha subvención de 6.781,99 € para o *Proxecto: Primeira Acolida e Activación das persoas vulnerables.*

CRUZ ROJA ESPAÑOLA, CIF Q-2866001-G unha subvención de 7.519,64 € para o *Proxecto: Itinerarios integrais intensificados para persoas de moi baixa empregabilidade.*

18.FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE (DISCAFIS-COGAMI), CIF G-32117889 unha subvención de 12.541,03 € para o *Proxecto de Servizos Especializados.*

19.DOWN OURENSE CIF G-32311870 unha subvención de 14.617,48 € para o *Proxecto: Programa de atención e intervención familiar.*

20.FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS A FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA), CIF G-36620037 unha subvención de 4.589,20 € para o *Proxecto: Servizos de emprego para persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento de Ourense.*

21.FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAIS DE GALICIA (FEAFES GALICIA)con CIF G-15545353 unha subvención de 9.034,00€ para o *Proxecto: Servizo de prospección e inserción laboral para persoas con enfermidade mental.*

22.ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS MOREA (A.F.E.M. MOREA) CIF G-32187049 unha subvención de 23.275,00 € para o *Proxecto: Integración social de persoas con enfermidade mental severa e as súas familias.*

23.ASOCIACIÓN REDMADRE OURENSE CIF G 32394082 unha subvención de 2.097,68 € para o *Proxecto Anxela 2018.*

24.ASOCIACIÓN DANO CEREBRAL ADQUIRIDO (RENACER) CIF G-32306623 unha subvención de 9.436,76 € para o *Proxecto: Continuidade da Educación Social no Dano Cerebral Adquirido (DCA)*.

25.SUSTINEA CIF G-32422834 unha subvención de 9.462,29 € para o *Proxecto: Un rural para todos*.

26.ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON TRANSTORNOS DA COMUNICACIÓN SOCIAL (TRASCOS), CIF G32444119 unha subvención de 4.353,02 € para o *Proxecto: Programa de desenvolvemento das competencias de intersubxectividade e das habilidades de comunicación social en persoas con Trastornos da Comunicación Social e Trastornos do Espectro Autista*.

27.VALORESC INNOVATION: CIF G70377585 unha subvención de 12.219,69 € para o *Proxecto: HELP Espazo CoopSocial Ourense*.

Denegar as solicitudes presentadas polas entidades que se indican por non cumpriren os requisitos necesarios para acceder á subvención solicitada:

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA DAS/OS MENORES E A SÚA CONTORNA CIF G32484198 para o proxecto DIME

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases ao tratarse de accións preventivas e educativas no ámbito de igualdade, xa que a parte de intervención social non pode realizarse ao carecer do profesional preciso que é un traballador social.

ASOCIACIÓN PARTICIPACIÓN co CIF G32477127 para o Proxecto: Servizo de apoio ás familias en As Termas.

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases, non se trata dun proxecto de interese, promoción social ou utilidade pública para o Concello de Ourense no eido dos servizos sociais, ao tratarse dun proxecto nun ámbito municipal moi restrinxido, non pode acceder toda a poboación da cidade, só as persoas residentes nun lugar concreto. O proxecto non ten coherencia entre a poboación destinataria inicial (1.300 persoas) sen unha cuantificación real, posto que as accións se prevén para unha poboación aproximada de 50 persoas.

ASOCIACIÓN DE VIÚDAS Mª ANDREA, co CIF G-32014334 para o Proxecto: Apoiano na soidade

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases ao tratarse dun proxecto que oferta uns servizos precisos en psicoloxía, medicina, asistencia xurídica e servizos sociais a través de atención especializada, pero non contan co persoal necesario para a súa realización posto que non reflicten persoal sanitario nin persoal xurídico.

As accións a desenvolver baséanse na derivación a entidades sen ánimo de lucro, ou mostran duplicidade cos servizos públicos.

Non se especifica un número aproximado de destinatarias.

ATEGAL, co CIF G 15496607 para o Proxecto: “ Máis anos, máis vida”

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das base por tratarse dun proxecto que ten unha índole lúdica e cultural, na que se propoñen actividades de estimulación cognitiva a persoas que carecen de patoloxía. As actividades de ximnasia, presentan duplicidade coas ofertadas nos centros cívicos municipais (de carácter gratuíto). As actividades culturais referidas son: historia da arte, da cidade, galego..., e non se consideran actividades de interese, promoción social ou de utilidade pública para os servizos sociais do Concello de Ourense.

As persoas destinatarias son de 50 ou máis anos, dato que non as converte en persoas en situación de vulnerabilidade social.

QUEIXUMES DOS PINOS co CIF G32224198 para o Proxecto: Xogalizate

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases ao tratarse de accións lúdicas e culturais dun mes de duración, o de nullo. Se pretenden acadar obxectivos de conciliación familiar e laboral, a temporalización é insuficiente para este fin. Por outra banda, prodúcese duplicidade co obxectivo presentado e as actividades desenvolvidas polo Concello de Ourense, desde diferentes Concellerías destinadas á conciliación familiar e laboral.

REMAR GALICIA, co CIF G36786986 para o Proxecto: Emerxencia Social e Inclusión Social: Aloxamento temporal de media e longa estancia, co fin de previr e paliar o deterioro físico a estados asociados a unha situación sen fogar.

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases, realízase nun ámbito municipal moi restrinxido, en posibles zonas de venda de drogas e marxinación; quedando fóra do municipio o aloxamento temporal de media e longa estancia, que ten como fin previr e paliar o deterioro físico a estados asociados a unha situación sen fogar, sendo este o proxecto ou actividade que se presenta como principal, posto que os recursos se sitúan no Concello de Allariz e San Cibrao das Viñas.

O proxecto desenvólvese con 13 persoas voluntarias, considérase que son insuficientes os recursos humanos para a realización do proxecto, posto que o voluntariado non pode garantir nin a continuidade nin a estabilidade dun proxecto.

ASOCIACION XARELA FORMACIÓN-ANIMACIÓN co CIF G32261307 para o Proxecto: Actividade Formativa dirixidas a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social

Considérase que este proxecto non se axusta aos obxectivos e finalidade das bases ao tratarse de accións formativas de imprecisa temporalización que non garanten a súa realización. Presentan 4 accións de formación que desenvolverán na súa totalidade ou ben algunha delas, co desagregue de orzamento das catro formacións para ofrecer a posibilidade de poder elixir a formación ou as formacións que sexan de maior interese para os servizos sociais do Concello de Ourense.

As formacións propostas non garanten certificados homologados precisos para traballar en ningún deles. Presenta imprecisión na súa realización, xa que depende da demanda da formación e/ou dos intereses municipais.

FUNDACIÓN AMIGOS DA BARRERA, INSTITUTO DA FAMILIA CIF G32321978 para o Proxecto: Centro de Acompañamento Familiar (caf) e o Proxecto: Conectando Xeracións

Non consta inscrita no Rexistro de Asociacións Municipais, nin acredita ter solicitada a inscrición neste.

FUNDACIÓN INDAGA CIF G70394374, para o Proxecto: *Convive co TDAH*

Non consta inscrita no Rexistro de Asociacións Municipais, nin acredita ter solicitada a inscrición neste.

Segundo.- Ordenar a publicación desta resolución na legal forma, no *Boletín Oficial da Provincia* e na páxina web municipal, publicación que substitúe a notificación, con todos os seus efectos, facendo constar que a dita resolución esgota a vía administrativa, podendo interpor, recursos de reposición no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación ou directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación do acto impugnado.

Terceiro.- Darlle traslado desta resolución á Tesourería Municipal.